



INFORME

VALORACIÓN DOS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS DOS CPDS DA XUNTA DE GALICIA (AMT-2025-0011).

CONTIDO

Valoración global.....	2
Marco para a valoración de elementos cualitativos.....	3
Valoración do criterio de METODOLOXÍA.....	4
1.1. Alcance e contido das actividades e tarefas propostas para a xestión do servizo.....	5
1.2. Propostas de mellora e evolución da plataforma a xestionar.....	7
1.3. Modelo de organización do equipo de traballo.....	9
1.4. Plan de aseguramento da capacitación tecnolóxica.....	11
1.5. Metodoloxía para a xestión do servizo e seguimento do proxecto.....	14
1.6. Metodoloxía de documentación para as actividades obxecto do servizo.....	17
Valoración do criterio de Calidade do equipo de traballo.....	18
2.1. Coñecemento de plataformas semellantes.....	20
2.2. Cursos de formación.....	21

CADROS

Cadro 1: Valoración dos criterios non avaliados mediante fórmulas.....	2
Cadro 2: Escala de valoración cualitativa.....	3
Cadro 3: Valoración da Metodoloxía.....	4
Cadro 4: Valoración do Alcance e contido das actividades e tarefas propostas para a xestión do servizo.....	6
Cadro 5: Valoración das Propostas de mellora e evolución da plataforma a xestionar.....	8
Cadro 6: Valoración do Modelo de organización do equipo de traballo.....	10
Cadro 7: Valoración do Plan de aseguramento da capacitación tecnolóxica.....	13
Cadro 8: Valoración da Metodoloxía para a xestión do servizo e seguimento do proxecto.....	16
Cadro 9: Valoración da Metodoloxía de documentación para as actividades obxecto do servizo.....	17
Cadro 10: Valoración da Calidade do equipo de traballo.....	19
Cadro 11: Valoración do Coñecemento de plataformas semellantes.....	20
Cadro 12: Valoración dos Cursos de formación.....	21





VALORACIÓN GLOBAL

Unha vez examinada a documentación técnica das empresas licitadoras:

- **UTE ALTIA-MINSAIT EXP. AMT-2025-0011 (en diante UTE ALTIA-MINSAIT)**
- **NTT DATA SPAIN INFRASTRUCTURES ENGINEERING, S.L.U. (en diante NTT DATA)**

As ofertas presentadas por ambos licitadores cumpren con todos os requisitos mínimos esixidos no Prego de Prescricións Técnicas (en adiante, PPT), obtendo as valoracións indicadas no Cadro 1 para os criterios non avaliábles mediante fórmulas descritos no PCAP.

	1.1. Metodoloxía	1.2. Calidade do equipo de traballo	Total
Puntuación máxima ►	25,00	24,00	49,00
UTE ALTIA-MINSAIT	22,75	24,00	46,75
NTT DATA	7,50	17,25	24,75

Cadro 1: Valoración dos criterios non avaliábles mediante fórmulas

Obsérvase que, con estas puntuacións, a oferta presentada por **NTT DATA** non cumpre co requisito indicado no apartado 9.1 (páx. 22) do PCAP ao non acadar o mínimo dos **25 puntos** requiridos:

*"Motivada pola especificidade do servizo que se vai prestar, a calidade buscada no servizo que se vai prestar e a súa criticidade resulta necesario contar con ofertas técnicas de calidade, que máis aló dos aspectos, garantan unha proposta que permita garantir a correcta prestación do servizo fronte a un posible cumprimento defectuoso. Polo tanto, dada a transcendencia deste servizo e a natureza e gravidade dos prexuízos derivados do cumprimento defectuoso; deberase acadar unha **puntuación mínima de 25 puntos nos criterios non avaliábles mediante fórmulas (sobre B)**, para que a proposta sexa obxecto de valoración nos criterios avaliábles mediante fórmulas (sobre C), resultando excluída de dita valoración de non alcanzarse o mínimo sinalado."*





MARCO PARA A VALORACIÓN DE ELEMENTOS CUALITATIVOS

Durante o proceso de valoración os diferentes elementos de avaliación foron avaliados mediante a escala cualitativa que se indica no cadro Cadro 2.

Esta escala permite transformar unha valoración cualitativa en cuantitativa mediante a ponderación da puntuación máxima do elemento a valorar. Deste xeito, o elemento obxecto de valoración acadará o 0%, 25%, 50%, 75% ou o 100% da súa puntuación máxima en función de se a oferta se considera mínima, suficiente, boa, destacada ou excelente nese elemento concreto.

	Mínimo	Suficiente	Boa	Destacada	Excelente
Ponderación	0,00%	25,00%	50,00%	75,00%	100,00%
Código	M	S	B	D	E

Cadro 2: Escala de valoración cualitativa





VALORACIÓN DO CRITERIO DE METODOLOXÍA

O resultado da valoración do criterio de metodoloxía indícase no Cadro 3. Nos seguintes sub-apartados detállase a valoración realizada para cada un dos elementos considerados para este criterio, tendo en conta tamén en cada un dos sub-apartados a organización, estrutura e claridade da exposición.

1. Metodoloxía (25 puntos)	Punt. Máx.	UTE ALTIA-MINSAIT	NTT DATA
1.1. Alcance e contido das actividades e tarefas propostas para a xestión do servizo, incluíndo polo menos os aspectos de planificación, administración e optimización do mesmo. Poderanse desagregar as diferentes actividades e tarefas polos diferentes compoñentes a xestionar recollidos no prego de prescricións técnicas.	9	6,75	4,50
1.2. Propostas de mellora e evolución da plataforma a xestionar. Consideraranse, entre outros, os seguintes elementos: ◦ Proposta dun plan de mellora da plataforma tecnolóxica xestionada orientado á obtención dunha maior dispoñibilidade, rendemento e mantemento da mesma, e identificando de xeito motivado cales deberían ser as principais prioridades. ◦ Proposta de ferramentas, ou melloras sobre as existentes, que permitan unha mellor execución do servizo e unha mellor automatización de tarefas. ◦ Proposta concreta de evolución das plataformas tecnolóxicas xestionadas.	9	9,00	0,00
1.3. Modelo de organización do equipo de traballo, que permita adaptarse ás necesidades de servizo descritas no prego de prescricións técnicas.	2	2,00	1,00
1.4. Plan de aseguramento da capacitación tecnolóxica dos recursos ao longo da duración do contrato.	2	2,00	1,00
1.5. Metodoloxía para a xestión do servizo e seguimento do proxecto, describindo todos os procesos a establecer para aseguralo, e valorando especialmente as propostas baseadas en metodoloxías de xestión de proxectos e servizos recoñecidas.	2	2,00	1,00
1.6. Metodoloxía de documentación para as actividades obxecto do servizo.	1	1,00	0,00
TOTAL CRITERIO 1	25	22,75	7,50

Cadro 3: Valoración da Metodoloxía





1.1. ALCANCE E CONTIDO DAS ACTIVIDADES E TAREFAS PROPOSTAS PARA A XESTIÓN DO SERVIZO

O resultado da valoración cualitativa do criterio de *Alcance e contido das actividades e tarefas propostas para a xestión do servizo* indícase no Cadro 4. Para a valoración deste elemento, con ata un máximo de **9 puntos**, tívose en consideración o nivel de detalle da planificación presentada, as tarefas de administración que se propoñan realizar así como as melloras para acadar una optimización de recursos, incluíndo polo menos os aspectos de planificación, administración e optimización do mesmo.

Segundo este criterio, a valoración da oferta foi a seguinte:

- A oferta de **UTE ALTIA-MINSAIT** foi cualificada como **Destacada** por:
 - A proposta describe de forma ampla e estruturada o alcance do servizo, detallando as tarefas por liñas e áreas técnicas, identificando claramente os compoñentes que se deben xestionar segundo o PPT. Ademais, concreta:
 - As tarefas específicas asociadas a cada liña tecnolóxica (virtualización, copias, xestión de contas, monitorización, sistemas operativos, middleware, etc.).
 - Un modelo de execución adaptado aos niveis de servizo, distinguindo tarefas de explotación e administración avanzada.
 - A identificación de procesos de traballo e ferramentas empregados (ticketing, monitorización, xestión de configuración, etc.).
 - A planificación por fase inicial de transición, execución e mellora continua.
 - Esta proposta demostra coñecemento profundo das necesidades do servizo e das plataformas obxecto da contratación, así como un grao de detalle que permite anticipar a correcta execución do mesmo.
 - Con todo, a puntuación non acada o nivel de excelencia por algunhas razóns:
 - Non se achega un modelo visual de desagregación de tarefas por compoñentes, o cal limitaría a capacidade de validación do alcance real.
 - A proposta non inclúe métricas específicas asociadas a cada actividade para facilitar a avaliación de eficiencia ou carga de traballo.
 - A nivel de planificación, non se presenta un cronograma detallado de execución das accións clave nin un enfoque de priorización explícito.
 - Polo tanto, trátase dunha proposta moi completa e ben estruturada, que supera amplamente o nivel esperable, mais non chega a un grao máximo de madurez documental e formalización para ser considerada excelente. Non propón melloras ou enfoques innovadores que superen o solicitado.





- A oferta de **NTT DATA** foi cualificada como **Boa** por:
 - A proposta cobre os elementos principais do criterio con certo detalle. Describe adecuadamente a planificación, administración e optimización do servizo. Inclúe unha desagregación funcional das tarefas por compoñente, aínda que con marxe de mellora na concreción ou adaptación ao contexto do CPD.
 - A proposta presentada aborda un conxunto amplo de actividades e tarefas técnicas, organizadas por ámbitos (base de datos, sistemas operativos, middleware, backup, virtualización, etc.) e incorpora referencias aos procesos de operación e xestión (incidencias, cambios, dispoñibilidade, monitorización...). Non obstante, a descrición céntrase principalmente en relacións de tarefas operativas estandarizadas, sen afondar en aspectos de planificación estratéxica, metodoloxías de xestión recoñecidas ou enfoques de optimización específicos.
 - A estrutura organizativa proposta (grupos verticais e horizontais) resulta interesante, pero non se concreta suficientemente a súa aplicación práctica nin a súa adaptación ao contexto específico do CPD da Xunta de Galicia. A proposta carece de elementos diferenciadores ou innovadores, e resulta notablemente máis xeral e menos elaborada que outras ofertas presentadas.
 - Por tanto, esta proposta sitúase nun nivel de "Boa", xa que cobre de forma adecuada os aspectos esixidos no prego pero con limitacións en profundidade, concreción e enfoque diferencial.

1.1. Alcance e contido das actividades e tarefas propostas para a xestión do servizo		
	M/S/B/D/E	TOTAL
UTE ALTIA-MINSAIT	D	6,75
NTT Data	S	4,50

Cadro 4: Valoración do Alcance e contido das actividades e tarefas propostas para a xestión do servizo





1.2. PROPOSTAS DE MELLORA E EVOLUCIÓN DA PLATAFORMA A XESTIONAR

O resultado da valoración cualitativa do criterio de *Propostas de mellora e evolución da plataforma a xestionar* indícase no Cadro 5. Para a avaliación deste elemento, ata un máximo de **9 puntos**, tívose en consideración a proposta dun plan de mellora da plataforma tecnolóxica xestionada orientado á obtención dunha maior dispoñibilidade, rendemento e mantemento da mesma, e identificando de xeito motivado cales deberían ser as principais prioridades, a proposta de ferramentas, ou melloras sobre as existentes, que permitan unha mellor execución do servizo e unha mellor automatización de tarefas así como a proposta concreta de evolución das plataformas tecnolóxicas xestionadas.

Segundo este criterios a valoración da oferta foi a seguinte:

- A oferta de **UTE ALTIA-MINSAIT** foi cualificada como **Excelente** por:
 - Proposta completa, motivada e con visión estratéxica. Presenta innovacións, ferramentas de alto valor e priorización clara e argumentada de accións.
 - A proposta presentada contén unha descrición moi detallada, estruturada e motivada das melloras e evolucións propostas para a plataforma tecnolóxica, abordando con claridade os tres subcriterios indicados no prego:
 - 1. Plan de mellora da plataforma tecnolóxica
 - Identifícanse de xeito claro os obxectivos do plan: maior dispoñibilidade, rendemento, eficiencia e mellor capacidade de operación.
 - Preséntase unha estrutura metodolóxica do plan de mellora, apoiada nun enfoque de avaliación de estado inicial, identificación de oportunidades e execución iterativa.
 - As melloras están priorizadas e motivadas, e vinculadas a procesos e sistemas reais da AMTEGA.
 - 2. Proposta de ferramentas e melloras sobre as existentes
 - Propóñense ferramentas novas e complementarias ás existentes, en áreas clave como automatización, xestión de configuración, seguridade, monitorización avanzada ou xestión documental.
 - Xustifícase a súa incorporación mediante casos de uso concretos, e relaciónase coas limitacións detectadas na situación actual.
 - Explícase tamén como estas ferramentas facilitarán a mellora da calidade e a eficiencia do servizo, así como a redución de tempos de resposta.
 - 3. Proposta de evolución das plataformas tecnolóxicas xestionadas





- Inclúe unha análise da situación actual das plataformas da AMTEGA, e propostas de evolución orientadas á súa modernización tecnolóxica e operativa.
- As propostas están aliñadas con tendencias actuais (DevOps, contedores, infraestruturas como código, etc.), e teñen en conta o marco de gobernanza da organización.
- Móstrase un coñecemento profundo da realidade tecnolóxica da AMTEGA, o que permite propoñer evolucións realistas e con impacto positivo.
- A proposta evidencia un alto nivel de madurez técnica, coñecemento profundo das plataformas da AMTEGA e unha capacidade proactiva de evolución e transformación do servizo. Cumpre e supera amplamente os criterios establecidos, sen identificar carencias nin áreas de ambigüidade significativas.
- A oferta de **NTT DATA** foi cualificada como **Mínimo** por:
 - Sen proposta ou esta é xenérica e irrelevante. Non se identifican prioridades nin se achegan plans nin ferramentas. Tan solo desenvolven o Plan de transición do servizo.

1.2. Propostas de mellora e evolución da plataforma a xestionar		
	M/S/B/D/E	TOTAL
UTE ALTIA-MINSAIT	E	9,00
NTT Data	M	0,00

Cadro 5: Valoración das Propostas de mellora e evolución da plataforma a xestionar





1.3. MODELO DE ORGANIZACIÓN DO EQUIPO DE TRABALLO

O resultado da valoración cualitativa do criterio do *Modelo de organización do equipo de traballo* indícase no Cadro 6. Para a avaliación deste elemento, ata un máximo de **2 puntos**, tívose en consideración o grao de adecuación do plan presentado para que permita adaptarse ás necesidades de servizo descritas no prego de prescricións técnicas.

Segundo este criterios a valoración da oferta foi a seguinte:

- A oferta de **UTE ALTIA-MINSAIT** foi cualificada como **Excelente** por:
 - Presentan un modelo robusto, flexible e perfectamente adaptado. Inclúe medidas de escalabilidade, continuidade e integración funcional.
 - A proposta achega un modelo organizativo claro, estruturado e altamente adaptado ás necesidades do servizo descritas no prego, destacando os seguintes aspectos:
 - 1. Estrutura organizativa detallada e aliñada co servizo
 - Descríbese con claridade a estrutura funcional do equipo, indicando os perfís, funcións e responsabilidades de cada un.
 - A estrutura está orientada aos compoñentes tecnolóxicos descritos no prego, asegurando cobertura integral das plataformas xestionadas.
 - Inclúese a figura do Responsable do proxecto, con funcións detalladas de coordinación técnica e operativa, así como o seu papel nas reunións e comités.
 - 2. Coordinación eficaz co cliente e cos grupos internos
 - Propóñense mecanismos sólidos de coordinación co persoal técnico da AMTEGA e cos diferentes grupos do Departamento de Sistemas.
 - A estrutura fomenta a colaboración continua, o seguimento proactivo das tarefas e a capacidade de resposta rápida ante cambios ou incidencias.
 - 3. Flexibilidade e escalabilidade
 - O modelo contempla medidas para garantir a adaptación a necesidades cambiantes, como a posibilidade de reorganización interna e cobertura de picos de carga.
 - Establécese un enfoque modular e por capas, que facilita a adaptación sen perda de eficiencia.
 - 4. Valor engadido





- A proposta inclúe elementos que van máis alá do esixido no prego, como a integración de prácticas de gobernanza, roles de supervisión específicos e visión de evolución a medio prazo do modelo organizativo.
- Reflicte experiencia en contornos similares, permitindo prever un funcionamento fluído dende o inicio do servizo.
- O modelo organizativo proposto destaca pola súa madurez, claridade, realismo e orientación a resultados, o que garante un funcionamento eficiente do servizo e unha adecuada coordinación cos equipos internos da AMTEGA. Supón un exemplo excelente do que se espera neste criterio.
- A oferta de **NTT DATA** foi cualificada como **Boa** por:
 - A proposta presenta un modelo organizativo coherente e funcional, que cumpre cos requisitos mínimos establecidos no prego. Descríbese unha estrutura en capas técnicas con unidades de servizo especializadas, coordinadas por un Director de Servizo con dedicación parcial, e un Responsable do Proxecto como interlocutor operativo ante Amtega. Ademais, propóñense diferentes niveis de comités (estratéxico, de seguimento e operativo), con periodicidade e funcións ben definidas, que permiten un control razoable da execución do servizo.
 - Non obstante, a pesar da súa corrección formal, a proposta non incorpora elementos especialmente innovadores ou diferencialmente adaptados ao contexto organizativo do CPD da Xunta de Galicia, limitándose a un modelo estándar de xestión de servizos. Tampouco se concreta de maneira clara como se xestionarán situacións de contorna cambiante nin se detallan mecanismos específicos de adaptación dinámica da estrutura a posibles incidencias críticas ou picos de demanda.
 - Ademais, aínda que se menciona a flexibilidade e a coordinación coa Amtega, estas ideas non se desenvolven con suficiente profundidade nin se acompañan de procedementos específicos ou exemplos prácticos. O engadido da figura do Director do Servizo é positivo, pero a súa dedicación parcial e o escaso detalle das súas funcións operativas limita o seu impacto.

1.3. Modelo de organización do equipo de traballo		
	M/S/B/D/E	TOTAL
UTE ALTIA-MINSAIT	E	2,00
NTT Data	B	1,00

Cadro 6: Valoración do Modelo de organización do equipo de traballo





1.4. PLAN DE ASEGURAMENTO DA CAPACITACIÓN TECNOLÓXICA

O resultado da valoración cualitativa do criterio de *Plan de aseguramento da capacitación tecnolóxica* indícase no Cadro 7. Para a avaliación deste elemento, ata un máximo de **2 puntos**, tívose en consideración a descrición dun plan de capacitación dos recursos ao longo da duración do contrato.

Segundo este criterios a valoración da oferta foi a seguinte:

- A oferta de **UTE ALTIA-MINSAIT** foi cualificada como **Excelente** por:
 - Presenta un plan integral, con formación continua, certificacións, autoformación, acompañamento e aliñamento estratéxico coas tecnoloxías da Xunta.
 - A proposta presenta un plan sólido, coherente e ben estruturado para garantir a capacitación tecnolóxica continua dos recursos ao longo da duración do contrato. Destacan os seguintes elementos:
 - 1. Enfoque integral e sostible no tempo
 - Descríbese un ciclo continuo de mellora de competencias, que cobre desde a detección de necesidades formativas ata a avaliación dos resultados obtidos.
 - O plan ten unha orientación clara ao mellor desempeño no servizo, vinculando directamente a capacitación coas tecnoloxías e procesos específicos da prestación.
 - 2. Detección e planificación de necesidades formativas
 - Inclúese un sistema de avaliación de coñecementos técnicos mediante entrevistas e ferramentas específicas, que permite detectar carencias ou oportunidades de mellora.
 - Esta análise serve como base para a elaboración dun plan individualizado e colectivo de formación, totalmente adaptado aos perfís e ás responsabilidades do equipo.
 - 3. Tipoloxía de accións formativas e metodoloxías actualizadas
 - Propóñense formacións de tipo:
 - Formal (cursos internos e externos, certificacións),
 - Informal (tutorización, rotación de tarefas),
 - Autodidacta guiada (autoformación con acceso a materiais e plataformas).





- Foméntase a capacitación en metodoloxías de xestión recoñecidas (Scrum, ITIL, DevOps, Lean IT), aportando valor engadido ao servizo.
- 4. Seguimento e avaliación da formación recibida
 - Descríbense mecanismos de seguimento e avaliación do impacto formativo, asegurando a súa efectividade.
 - Esta trazabilidade permítelle á AMTEGA verificar o grao de execución e aproveitamento do plan.
- 5. Valor engadido e compromiso co desenvolvemento profesional
 - A inclusión de medidas de rotación de tarefas, revisións técnicas e participación en foros internos fomenta o crecemento profesional e a polivalencia dos recursos.
 - O compromiso coa actualización tecnolóxica constante favorece a calidade sostida do servizo.
- Así, a proposta define un plan de formación maduro, realista e plenamente enfocado á excelencia operativa, sendo unha referencia de boas prácticas neste tipo de contratos. A súa contribución á continuidade, calidade e eficiencia do servizo é clara.
- A oferta de **NTT DATA** foi cualificada como **Boa** por:
 - A proposta presentada inclúe un plan de formación coherente cos obxectivos do servizo, no que se recoñece a importancia da capacitación continua dos recursos e se establece unha planificación de actividades formativas anuais, incluíndo formación inicial, continua e adaptativa.
 - Entre os aspectos positivos destaca:
 - O recoñecemento da formación como parte estrutural do servizo.
 - A previsión de accións formativas anuais en áreas clave como automatización, seguridade e boas prácticas ITIL/DevOps.
 - A combinación de formación interna, externa e autoformación.
 - Non obstante, a proposta é de carácter xeral, sen detallar:
 - Un plan individualizado por perfil técnico nin itinerarios formativos diferenciados segundo as responsabilidades.
 - O número de accións formativas previstas nin a duración exacta ou periodicidade concreta.





- Mecanismos específicos de avaliación de resultados formativos, nin como se vinculan os resultados da formación coa mellora do servizo.
- Así, aínda que a proposta cumpre o básico e incorpora elementos positivos, carece do grao de concreción, personalización e enfoque estratéxico que sería esperable para unha puntuación superior.

1.4. Plan de aseguramento da capacitación tecnolóxica		
	M/S/B/D/E	TOTAL
UTE ALTIA-MINSAIT	E	2,00
NTT Data	B	1,00

Cadro 7: Valoración do Plan de aseguramento da capacitación tecnolóxica





1.5. METODOLOXÍA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO E SEGUIMENTO DO PROXECTO

O resultado da valoración cualitativa do criterio de *Metodoloxía para a xestión do servizo e seguimento do proxecto* indícase no Cadro 8. Para a avaliación deste elemento, ata un máximo de **2 puntos**, tívose en consideración descrición de todos os procesos a establecer para aseguralo, e valorando especialmente as propostas baseadas en metodoloxías de xestión de proxectos e servizos recoñecidas.

Segundo este criterios a valoración da oferta foi a seguinte:

- A oferta de **UTE ALTIA-MINSAIT** foi cualificada como **Excelente** por:
 - Enfoque metodolóxico sólido, completo e adaptado ao contexto do CPD. Integra ferramentas, métricas, cadencia e responsabilidades claras.
 - A proposta describe unha metodoloxía de xestión de servizos moi completa, profesional e aliñada con estándares recoñecidos internacionalmente, demostrando un enfoque maduro e ben estruturado no seguimento do proxecto.
 - 1. Uso de metodoloxías recoñecidas e prácticas consolidadas
 - A proposta integra ITIL como marco de referencia para a xestión do servizo, describindo procesos como a xestión de incidencias, problemas, cambios e configuracións.
 - Aplica tamén principios de xestión de proxectos baseados en PMI, con planificación, control de execución, identificación de riscos e medidas correctoras.
 - Estrutura clara de gobernanza do servizo
 - Detállase a creación de tres comités (estratéxico, de seguimento e operativo), cada un con: Participantes definidos, periodicidade establecida, funcións claras, documentación soporte (actas, informes, indicadores).
 - Esta estrutura garante un control multinivel do servizo, cunha canle clara para a escalada e resolución de incidencias.
 - 3. Mecanismos de control e mellora continua
 - A proposta incorpora seguimento mediante KPIs e SLAs, incluíndo análise de desviacións e medidas correctoras así como propostas de mellora proactivas valoradas nos comités de seguimento.
 - Ciclo de vida do servizo orientado á evolución continua, máis alá do mero mantemento operativo.
 - 4. Coordinación efectiva con AMTEGA





- O modelo de xestión proposto fomenta unha comunicación constante e fluída coa AMTEGA, tanto a nivel técnico como executivo.
- O responsable de proxecto actúa como canle única de interlocución, garantindo o alineamento coas prioridades e planificación interna da organización.
- 5. Viabilidade e madurez do enfoque
 - O nivel de detalle e coherencia da proposta mostra unha madurez metodolóxica elevada, perfectamente aplicable ao contexto da AMTEGA sen dependencias críticas.
 - A metodoloxía proposta reflicte experiencia previa en proxectos semellantes, o que reduce riscos na execución.
- Así pois, esta proposta presenta unha metodoloxía sólida, aliñada con boas prácticas recoñecidas e cun sistema de seguimento robusto que garante o control efectivo do servizo e a mellora continua.
- A oferta de **NTT DATA** foi cualificada como **Boa** por:
 - A proposta describe unha metodoloxía de xestión que incorpora principios sólidos e estruturados, baseada en estándares recoñecidos como ITIL e Scrum, e organizada en procesos de planificación, seguimento e mellora continua.
 - Entre os aspectos positivos destacan:
 - Identificación clara dos procesos fundamentais da xestión do servizo: xestión de incidencias, problemas, cambios, configuración, capacidade, dispoñibilidade, etc.
 - Uso de ferramentas de ticketing, monitorización e seguimento, que permiten un control efectivo da actividade.
 - Definición de comités e canles de seguimento, xa detallados previamente na proposta (estratéxico, de seguimento, operativo).
 - Referencia a metodoloxías recoñecidas (ITIL v4, Scrum) e a un enfoque de mellora continua.
 - Porén, a proposta non presenta un nivel de excelencia, debido a certas carencias:
 - Non se describe unha adaptación concreta da metodoloxía ás particularidades do servizo e da organización da AMTEGA.
 - A documentación non incorpora roles e responsabilidades específicas por proceso.





- Fáltalle unha planificación detallada das accións de seguimento, auditoría e avaliación de resultados.
- A implementación de Scrum se menciona de forma superficial, sen definir como se aplicaría á xestión do servizo fronte á xestión de proxectos.
- Polo tanto, a proposta cumpre coa estrutura esperable, presenta boas prácticas e referencias válidas, pero non acada o nivel de concreción, adaptación e madurez necesario para obter unha puntuación destacada ou excelente.

1.5. Metodoloxía para a xestión do servizo e seguimento do proxecto		
	M/S/B/D/E	TOTAL
UTE ALTIA-MINSAIT	E	2,00
NTT Data	B	1,00

Cadro 8: Valoración da Metodoloxía para a xestión do servizo e seguimento do proxecto





1.6. METODOLOXÍA DE DOCUMENTACIÓN PARA AS ACTIVIDADES OBXECTO DO SERVIZO

O resultado da valoración cualitativa do criterio de *Metodoloxía de documentación para as actividades obxecto do servizo*, indícase no Cadro 9. Para a avaliación deste elemento, ata un máximo de **1 punto**, tívose en consideración descrición da metodoloxía de documentación para as actividades obxecto do servizo.

Segundo este criterios a valoración da oferta foi a seguinte:

- A oferta de **UTE ALTIA-MINSAIT** foi cualificada como **Excelente** por:
 - Metodoloxía integral, orientada á trazabilidade, continuidade e compartición do coñecemento. Ferramentas colaborativas e versións controladas.
 - A metodoloxía proposta está ben adaptada ao modelo organizativo da AMTEGA e usa ferramentas integradas (Redmine con Wiki), o que facilita a colaboración entre equipos e a trazabilidade da documentación.
 - Inclúe unha estrutura clara, diferenciando tipos de documentos e establecendo un ciclo de vida completo da documentación.
 - Incorpora métricas, auditorías e mellora continua, asegurando a calidade e actualización permanente.
 - Tamén contempla a adaptación dos formatos para difusión externa, mostrando flexibilidade e visión institucional.
 - Por todo iso, considérase unha proposta sólida, completa e alineada con boas prácticas, merecedora da máxima puntuación.
- A oferta de **NTT DATA** foi cualificada como **Mínimo** por:
 - Non se desenvolve este apartado na súa oferta metodolóxica.

1.6. Metodoloxía de documentación para as actividades obxecto do servizo.		
	M/S/B/D/E	TOTAL
UTE ALTIA-MINSAIT	E	2,00
NTT Data	M	0,00

Cadro 9: Valoración da Metodoloxía de documentación para as actividades obxecto do servizo





VALORACIÓN DO CRITERIO DE CALIDADE DO EQUIPO DE TRABALLO

O resultado da valoración do criterio de *Calidade do equipo de traballo*, cun máximo de **24 puntos**, indícase no Cadro 11. Nos seguintes parágrafos detállase a valoración realizada para cada un das ofertas dos licitadores en relación con este criterio.

2. Calidade do equipo de traballo (24 puntos)	Punt. Máx.	UTE ALTIA-MINSAIT	NTT DATA
2.1. Coñecemento de plataformas semellantes Para a valoración deste criterio consideraranse os coñecementos de plataformas semellantes relacionados co obxecto do servizo dos recursos ofertados (tal e como se describen no apartado "2. Plataformas tecnolóxicas obxecto do servizo" do prego de prescricións técnicas), valorándose que exista un número suficiente de recursos con experiencia en tódalas plataformas tecnolóxicas obxecto do servizo, que o nivel de experiencia sexa equiparable ás necesidades de servizo solicitadas no prego de prescricións técnicas, e que exista una correspondencia co modelo de organización proposto. Para a valoración deste apartado só se terán en conta os proxectos dos recursos ofertados entre os mínimos solicitados para cada un dos catro perfís seguintes: responsable do proxecto, administrador de sistemas sénior, administrador de sistemas júnior e operador de sistemas; quedando excluídos os recursos adicionais, no caso de que se ofertase este último. Só serán valorados para cada perfil os proxectos que non foran xa contabilizados para cumprir cos mínimos esixidos no compromiso de adscrición de medios. Para a valoración deste apartado só se terán en conta os proxectos nos que a data de fin do recurso no proxecto estea comprendida nos últimos 12 anos ata a presentación das ofertas.	15	15,00	15,00
2.2. Cursos de formación Para a valoración deste criterio consideraranse os cursos de formación dos recursos ofertados relacionados coas plataformas tecnolóxicas obxecto do servizo (tal e como se describen no apartado "2. Plataformas tecnolóxicas obxecto do servizo" do prego de prescricións técnicas), valorándose que exista un número suficiente de recursos con cursos de formación nas diferentes plataformas tecnolóxicas obxecto do servizo, e que os cursos teñan relación directa coas necesidades de servizo solicitadas no prego de prescricións técnicas. Para a valoración deste apartado só se terán en conta os cursos de formación dos recursos ofertados entre os mínimos solicitados para cada un dos catro perfís seguintes: responsable do proxecto, administrador de sistemas sénior, administrador de sistemas júnior e operador; quedando excluído o recurso adicional, no caso de que se ofertase este último. Só serán valoradas para cada perfil os cursos de formación que non foran xa contabilizadas para cumprir cos mínimos esixidos no compromiso de adscrición de medios. Para a valoración deste apartado teranse en conta os cursos de formación cunha duración mínima de 10 horas, recibidos nos últimos	9	9,00	2,25





12 anos ata da data de finalización de presentación de ofertas, que no seu alcance inclúan algún dos produtos e tecnoloxías dentro do alcance do servizo (tal e como se describen no apartado "2. Plataformas tecnolóxicas obxecto do servizo" do prego de prescricións técnicas); ou relacionados coas metodoloxías de xestión de proxectos recoñecidas PMI (Project Management Institute), Prince2, Scrum (Scrum.org, Scrum Alliance e Scrum Manager), SAFe (Scaled Agile Framework), DevOps Institute, Lean Six Sigma, Kanban, ou coa metodoloxía de xestión de Tecnoloxías de información ITIL.			
TOTAL CRITERIO 2	24	24,00	17,25

Cadro 10: Valoración da Calidade do equipo de traballo





2.1. COÑECEMENTO DE PLATAFORMAS SEMELLANTES

O resultado da valoración cualitativa do criterio de *Coñecemento de plataformas semellantes* indícase no Cadro 11. Para a valoración deste elemento, con ata un máximo de **15 puntos**.

Segundo este criterio, a valoración da oferta foi a seguinte:

- A oferta de **UTE ALTIA-MINSAIT** foi cualificada como **Excelente** por:
 - Experiencia sólida, recente e multidisciplinar. Todos os perfís clave presentan coñecementos prácticos en todas as plataformas tecnolóxicas obxecto do servizo, aportando unha participación, en anos e en proxectos similares, moi por enriba dos mínimos solicitados, tal e como se desprende do documento "Oferta_equipo_trabajo_sobreB.ods" da súa oferta.
- A oferta de **NTT DATA** foi cualificada como **Excelente** por:
 - Experiencia sólida, recente e multidisciplinar. Todos os perfís clave presentan coñecementos prácticos en todas as plataformas tecnolóxicas do servizo, aportando unha participación, en anos e en proxectos similares, moi por enriba dos mínimos solicitados, tal e como se desprende do documento "Oferta_equipo_trabajo_sobreB.ods" da súa oferta.

2.1. Coñecemento de plataformas semellantes		
	M/S/B/D/E	TOTAL
UTE ALTIA-MINSAIT	E	15,00
NTT Data	E	15,00

Cadro 11: Valoración do Coñecemento de plataformas semellantes





2.2. CURSOS DE FORMACIÓN

O resultado da valoración cualitativa do criterio de *Cursos de formación* indícase no Cadro 12. Para a valoración deste elemento, con ata un máximo de **9 puntos**.

Segundo este criterio, a valoración da oferta foi a seguinte:

- A oferta de **UTE ALTIA-MINSAIT** foi cualificada como **Excelente** por:
 - Cobertura completa, cursos actualizados e con alta relevancia. Participación en múltiples plataformas e metodoloxías recoñecidas (PMI, ITIL, DevOps, etc).
 - Totalizan, ademáis, unha formación en horas en todos os perfís moi superior aos mínimos requiridos, tal e como se desprende do documento "Oferta_equipo_trabajo_sobreB.ods" da súa oferta.
- A oferta de **NTT DATA** foi cualificada como **Suficiente** por:
 - Hai varios recursos que non aportan a formación suficiente polo que non se contempla unha formación homoxénea entre todos os recursos dun determinado perfil. En concreto o 25% dos recursos tipo administrador Sénior aportan unha formación nula ou por debaixo dos mínimos requiridos para o perfil en cuestión (cf. documento "Oferta_equipo_trabajo_sobreB.ods" da súa oferta), o que repercute negativamente na formación global do equipo de traballo e, especialmente, ao tratase neste caso de recursos tipo administrador Sénior que deben ser os que contén con maior capacitación e coñecementos.

2.2. Cursos de formación		
	M/S/B/D/E	TOTAL
UTE ALTIA-MINSAIT	E	15,00
NTT Data	S	2,25

Cadro 12: Valoración dos Cursos de formación

Santiago de Compostela.

Francisco Javier Marta Piñón

Xefe de Sección de Infraestruturas e Arquitecturas. Tecnolóxicas I
Área de Infraestruturas e Seguridade

